

NOTA DE PRENSA

Os días 2 e 3 de setembro de 2015 terá lugar na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela o Simposio *Estudos Literarios e Campo Cultural Galego*, no que participarán recoñecidos especialistas internacionais, entre os cales Rakefet Sela-Sheffy e Itamar Even-Zohar, da Universidade de Tel Aviv. A organización do Simposio asumiuna un grupo de profesoras e profesores das tres universidades galegas —Arturo Casas, Manuel Forcadela, Teresa López, Laurence Malingret e Elias Torres— xunto con Alex Alonso, da City University of New York.

A idea de partida é conmemorar o xa superado cuarto de século de publicación dun libro decisivo no rumbo posterior da teoría e a crítica literarias en Galiza, *Diglosia e texto* (1988), e facer público o recoñecemento ao autor do mesmo, Antón Figueroa (Chantada, 1943).

Xubilado en 2013 como catedrático de Filoloxía Francesa da Universidade de Santiago de Compostela, Antón Figueroa deixa até o momento como froito principal do seu traballo unha serie de libros sobre distintos aspectos da socioloxía da literatura. Entre estes, o estudo sociocultural da lectura, a análise histórica das relacións interliterarias e da tradución, a constitución e funcionamento dos campos culturais, as relacións entre ideoloxía e produción artístico-literaria e a emerxencia no século XX dun específico campo literario galego. Antón Figueroa vinculouse na última fase da súa actividade universitaria ao proxecto europeo ESSE, *Pour un espace des sciences sociales européen*, no que canda el tomaron parte significadas teóricas e sociólogas influídas pola metodoloxía de Pierre Bourdieu.

O Simposio configúrase así como un foro académico de debate arredor dos estudos literarios galegos a partir do pensamento de Antón Figueroa. Entre os obxectos centrais de observación e análise figuran os seguintes: a (re)conceptualización do campo/sistema literario nas literaturas periféricas; os vínculos entre nación, ficción e ideoloxía; as lecturas da identidade e da alteridade; a tradución e o espazo cultural transnacional; a autonomía do campo e dos axentes culturais, con aplicación principal ao caso galego na etapa 1950-2015; a metodoloxía da historia do campo literario; e, en fin, os estudos da cultura e as Ciencias Sociais, ademais, por suposto, do propio legado teórico e metodolóxico do profesor Antón Figueroa.

Durante o Simposio terá lugar a presentación dun novo libro do autor, *Marxes e centros. Para unha socioloxía do campo cultural*, publicado por Laiovento.

